

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**18783** *Real decreto 1677/2011, do 18 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de procedemento administrativo sancionador das infraccións por incumprimento das obrigas establecidas na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, aprobado polo Real decreto 1572/1993, do 10 de setembro, e se introducen criterios de cualificación das infraccións e de gradación das sancións no ámbito do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

A Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, dispón, no seu artigo 10, que os servizos estatísticos poderán solicitar datos das persoas físicas e xurídicas, tanto nacionais como estranxeiras, coa condición de que sexan residentes en España, e, con exigencia, en todo caso, de que a información subministrada o sexa en forma veraz, exacta e completa, así como rendida dentro dos prazos en que se soliciten.

Por outro lado, o artigo 48 da citada lei establece que o incumprimento das obrigas establecidas nela, en relación coas estatísticas para fins estatais, será sancionado de acordo co disposto no título V da dita norma legal. Co fin de regular as especificidades propias do procedemento sancionador nesta materia, e sen prexuízo da aplicación do previsto para o exercicio da potestade sancionadora na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no seu desenvolvemento, no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobouse o Real decreto 1572/1993, do 10 de setembro, que aproba o Regulamento de procedemento administrativo sancionador das infraccións por incumprimento das obrigas establecidas na Lei 12/1989, do 9 de maio, no cal se regulaban unicamente as singularidades específicas de aplicación, en perfecta adecuación, en todo caso, á normativa xeral de aplicación.

Posteriormente á aprobación desta norma regulamentaria, a modificación operada pola Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, no seu artigo 9, ampliou a potestade sancionadora orixinaria, que residía unicamente no titular do Instituto Nacional de Estatística, ao director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, para aqueles supostos de infraccións en materia de estatísticas dos intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea.

Esta ampliación da potestade sancionadora fíxose a teor da importancia que as estatísticas dos intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea teñen na elaboración da balanza de pagamentos e nas contas nacionais, elementos nos cales se basea o Sistema de Contas Europeo e en definitiva as axudas comunitarias que recibe España da Unión Europea.

No exercicio da potestade sancionadora do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais, da Axencia Estatal de Administración Tributaria, os procedementos sancionadores tramitados desde a citada modificación puxeron de manifesto que o procedemento se debe axustar, nalgúns aspectos específicos, para conseguir unha maior eficiencia na súa tramitación e para unha maior seguridade xurídica para os interesados. Así, neste real decreto recóllese esta potestade sancionadora específica e a distribución de competencias na súa tramitación mediante a adición dun número 2 no artigo 2 do regulamento. Así mesmo, engádese un novo número 6 no artigo 3 do regulamento, no cal se establece que non serán aplicables, neste ámbito, as actuacións previas que se regulan con carácter xeral no citado artigo para o resto de sancións estatísticas.

Introdúcese un artigo 7 no cal se recolle a adaptación deste procedemento sancionador ao disposto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e, en concreto, a obrigatoriedade de que as comunicacións con empresas de determinadas características se realicen mediante medios electrónicos, aplicable unicamente nos procedementos sancionadores do ámbito do Instituto Nacional de Estatística, polo que no caso das sancións do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais será de aplicación o establecido no Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, polo que se regulan supostos de notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, permitindo con isto un tratamento idéntico en materia de notificación electrónica no procedemento de declaración da estatística dos intercambios de bens entre Estados membros da Unión Europea e nos procedementos sancionadores que poidan derivar dos incumprimentos que se poden producir en relación con tal declaración.

Tamén, e no ámbito de competencias do Instituto Nacional de Estatística, a experiencia na aplicación do vixente regulamento exige, para unha maior axilidade no procedemento, atribuír a competencia da instrución do procedemento sancionador á Secretaría Xeral deste organismo.

Por último, considerando ademais as particularidades propias da elaboración destas estatísticas, cómpre establecer unha serie de criterios específicos para elas que permitan a aplicación eficiente do sistema de sancións e que garantan a fiabilidade dos datos e da información resultantes, polo que se introduce unha disposición adicional única na cal se recollen os criterios de cualificación das infraccións e gradación das sancións no ámbito competencial do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos e ministra de Economía e Facenda, tras a aprobación do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 18 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento de procedemento administrativo sancionador das infraccións por incumprimento das obrigas establecidas na Lei da función estatística pública, aprobado polo Real decreto 1572/1993, do 10 de setembro.*

O Regulamento de procedemento administrativo sancionador das infraccións por incumprimento das obrigas establecidas na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, aprobado polo Real decreto 1572/1993, do 10 de setembro, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 2. *Órganos competentes.*

1. Será competente para acordar a iniciación do procedemento o presidente do Instituto Nacional de Estatística (en diante, INE); para a instrución, a Secretaría Xeral do INE, e para a resolución, o presidente do citado organismo, a teor do que se dispón no artigo 48 da Lei 12/1989, do 9 de maio.

En todo caso, deberase entender que os funcionarios designados para a instrución do procedemento terán o carácter de órgano instrutor.

2. Para os casos en que a potestade sancionadora corresponda ao director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a teor do que se dispón no artigo 48.3 da Lei 12/1989, do 9 de maio, será competente para a iniciación e a instrución do procedemento sancionador o titular da dependencia rexional de Alfándegas e Impostos Especiais da Delegación Especial da Axencia Tributaria ou autoridade en quen delegue, en

cuxo ámbito territorial se encontre o domicilio fiscal da persoa física ou xurídica que estea obrigada a presentar os datos estatísticos sobre intercambios de bens con outros Estados membros en aplicación do Regulamento (CE) n.º 638/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre as estatísticas comunitarias de intercambios de bens entre Estados membros.

A competencia para a resolución corresponde ao director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Dous. Engádesse un número 6 ao artigo 3, nos seguintes termos:

«6. O trámite de actuacións previas a que se refire este artigo non é aplicable aos procedementos sancionadores competencia do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Tres. Engádesse un artigo 7, do teor literal seguinte:

«Artigo 7. *Comunicacións e notificacións electrónicas.*

1. Para os efectos do procedemento regulado neste real decreto cando a potestade sancionadora corresponda ao Instituto Nacional de Estatística, ao abeiro do establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, establécese a obrigatoriedade de utilización de medios electrónicos para as comunicacións que teña que realizar a Administración con entidades con forma xurídica de sociedade anónima (con número de identificación fiscal –NIF– que empece pola letra A) ou sociedade de responsabilidade limitada (entidades con NIF que empece pola letra B), sempre que medie a comunicación previa aos interesados.

2. Para a asignación do enderezo electrónico habilitado, será de aplicación o previsto na Orde PRE/878/2010, do 5 de abril, pola que se establece o réxime de sistema de enderezo electrónico habilitado previsto no artigo 38.2 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño.

3. Para os efectos do procedemento regulado neste regulamento, cando a potestade sancionadora corresponda ao Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais, será de aplicación o Real decreto 1363/2010, do 29 de outubro, polo que se regulan supostos de notificacións e comunicacións administrativas obrigatorias por medios electrónicos no ámbito da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou a norma que o substitúa.»

Catro. Introdúcese unha disposición adicional única, nos seguintes termos:

«Disposición adicional única. *Criterios de cualificación das infraccións e de gradación das sancións no ámbito do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

1. Para os casos en que a potestade sancionadora corresponda ao director do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, a teor do que se dispón no artigo 48.3, da Lei 12/1989, do 9 de maio, teranse en conta os criterios para a cualificación e valoración do grave prexuízo para o servizo, falsidade nas declaracións, resistencia notoria e gradación das sancións que se establecen nos puntos seguintes.

2. Considerarase que se produce un grave prexuízo para o servizo cando a diferenza, nun período de referencia previsto no artigo 6 do Regulamento (CEE) n.º 638/2004, do 31 de marzo, entre os datos declarados ou correspondentes a declaracións non presentadas e os correctos que se deberían ter formulado na declaración supere os 250.000 €.

3. Considerarase que os datos son falsos e non erróneos cando se probe que de forma intencionada o obrigado ocultou as operacións ou realizou imputacións incorrectas en relación coa nomenclatura arancelaria e estatística e o arancel alfandegueiro común; ou co país, Estado membro da Unión Europea ou comunidade autónoma de orixe, procedencia ou destino das mercadorías.

4. Considerarase que existe resistencia notoria ou habitual cando non se dea xustificación aos requirimentos formulados en relación coas declaracións correspondentes a tres períodos de referencia sucesivos ou ben a seis períodos de referencia alternos dentro do ano estatístico.

5. Para a gradación da sanción, atendendo á conduta anterior do infractor no período dun ano natural contado desde o último incumprimento, non presentar a declaración ou non atender os requirimentos da Administración suporá:

a) En relación cun período de referencia, que se aplique, por este concepto, un incremento de 100 puntos porcentuais da sanción mínima prevista para o tipo de infracción cualificada.

b) En relación con dous períodos de referencia, que se aplique, por este concepto, un incremento de 150 puntos porcentuais da sanción mínima prevista para o tipo de infracción cualificada.

c) En relación con máis de dous períodos de referencia, que se aplique, por este concepto, un incremento de 300 puntos porcentuais da sanción mínima prevista para o tipo de infracción cualificada.

6. Para a gradación da sanción atendendo á natureza dos danos e perdas causados, cada tipo de infracción graduarase seguindo os seguintes criterios:

a) Nas infraccións leves:

1.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa igual ou inferior a 100.000 € no período de referencia, a sanción será de 100 puntos porcentuais da sanción mínima.

2.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa superior a 100.000 € e inferior a 250.000 € no período de referencia, a sanción será de 200 puntos porcentuais da sanción mínima.

b) Nas infraccións graves:

1.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa igual ou superior a 250.000 € e inferior a 1.000.000 € no período de referencia, a sanción será de 200 puntos porcentuais da sanción mínima.

2.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa igual ou superior a 1.000.000 € e inferior a 6.000.000 € no período de referencia, a sanción será de 400 puntos porcentuais da sanción mínima.

3.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa igual ou superior a 6.000.000 € no período de referencia, a sanción será de 750 puntos porcentuais da sanción mínima.

c) Nas infraccións moi graves:

1.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa inferior ou igual a 250.000 € no período de referencia, a sanción será de 100 puntos porcentuais da sanción mínima.

2.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa igual ou superior a 250.000 € e inferior a 1.000.000 € no período de referencia, a sanción será de 200 puntos porcentuais da sanción mínima.

3.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa igual ou superior a 1.000.000 € e inferior a 6.000.000 € no período de referencia, a sanción será de 400 puntos porcentuais da sanción mínima.

4.º) Cando a diferenza entre o importe declarado e o que se debería ter formulado sexa igual ou superior a 6.000.000 € no período de referencia, a sanción será de 750 puntos porcentuais da sanción mínima.»

**Disposición transitoria única.** *Procedemento sancionador para os casos iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto.*

As disposicións contidas neste real decreto aplicaranse aos procedementos sancionadores que se inicien a partir da súa entrada en vigor, salvo o disposto no artigo 7.3 do Regulamento de procedemento administrativo sancionador das infraccións por incumprimento das obrigas establecidas na Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, aprobado polo Real decreto 1572/1993, do 10 de setembro, segundo a redacción dada polo presente real decreto, que se aplicará aos procedementos sancionadores que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor deste último.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1. 31.ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre a estatística para fins estatais.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ